



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso: sobre a facenda nas entidades locais de Galicia.

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2003
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso ten por obxecto realizar unha análise exhaustiva, teórica e práctica dos recursos financeiros dos entes locais de Galicia tralas recentes e profundas modificacións que se levaron a cabo nas súas normas reguladoras estatais e autonómicas.

DESTINATARIOS

Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de Administración xeral de corporacións locais pertencentes ós grupos A ou B.

PROGRAMA

A situación económico-financeira das entidades locais de Galicia. O réxime xurídico das facendas locais de Galicia: normativa europea, estatal e autonómica de aplicación. A xestión tributaria actual. A Lei de estabilidade orzamentaria e as entidades locais. Os plans económico-financeiros de corrección dos desequilibrios orzamentarios. As operacións de crédito dos entes locais: réxime xurídico, requisitos para a concertación de operacións de crédito. Réxime contractual das operacións de crédito. O imposto sobre bens inmobles. O imposto sobre actividades económicas: elementos básicos do imposto, a xestión e a inspección tributaria do IAE. A xestión censual do imposto sobre actividades económicas. Colaboración interadministrativa. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica: elementos persoais e obxectivos do imposto. A xestión municipal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto de construcións, instalacións e obras. O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana: elementos esenciais e xestión do IIVTNU. As contribucións especiais. As cotas de urbanización. Os ingresos públicos derivados dos convenios urbanísticos e da xestión urbanística municipal. A participación nos tributos do Estado de municipios e provincias. O Fondo Galego de Cooperación Local. Os instrumentos financeiros da política rexional europea: fondos estruturais, fondo de cohesión, Banco Europeo de Investimentos. As taxas e os prezos públicos: réxime xurídico, elementos esenciais, ordenanzas reguladoras. Multas e sancións. As subvencións de outros entes públicos. A cooperación económica estatal ós plans provinciais de obras e servizos. O imposto sobre o valor engadido e os ingresos públicos locais (I): supostos de suxeición. Base imponible. Tipos de gravame. IVE soportado deducible: prorrata xeral e especial. O imposto sobre o valor engadido e os ingresos públicos locais (II): obrigas formais e materiais dos entes locais como suxeitos pasivos do IVE.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 27 de xuño de 1994, pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 149, do 3 de agosto).

3. DATOS EDICIÓNS

LO039RN001OU

LOCALIDADE: OURENSE

INICIO / FIN: 30/09/2003 a 13/10/2003

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE